



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E O CONCELLO DA
CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN
EN LINGUAXES ESPECÍFICAS GALEGAS PARA O ANO 2017**

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2017

REUNIDOS

- , conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que actúa en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, na súa redacción dada na Lei 11/1988, do 20 de outubro; de acordo co seu nomeamento no Decreto 148/2016, do 13 de novembro de 2016, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, que se publicou no DOG número 13, do 18 de xaneiro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- , alcalde, en representación do Concello da Coruña en virtude das facultades que lle outorga a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e o Regulamento Orgánico deste Concello.

EXPOÑEN

1. Que as partes asinantes pretenden colaborar conxuntamente para fomentar e promover o uso da lingua galega, de acordo co disposto nas seguintes normas:

- a) A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística que, en desenvolvemento das previsións dos artigos 3.2 e 148.1.17 da Constitución



española e do artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galicia, establece a obrigación dos poderes públicos de garantir o uso normal do galego e do castelán (artigo 2), así como que o galego, como lingua propia de Galicia, é a lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración, da Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma (artigo 4.1).

b) Así mesmo, o artigo 11 da citada lei establece a obriga dos poderes autonómicos de promover a progresiva capacitación no uso do galego por parte do persoal afecto á Administración pública e ás empresas de carácter público de Galicia.

2. Que, así mesmo, o Plan xeral de normalización da lingua galega (PXNLG), aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o día 22 de setembro de 2004, contén dous grandes obxectivos referidos ao sector da Administración:

- Asegurar que, nas administracións autonómica e local, o galego sexa a lingua habitual nas relacións internas, nas relacións entre as administracións e nas relacións cos cidadáns, e respectarase o dereito individual a ser atendido na outra lingua oficial.
- Incrementar o uso da lingua galega na Administración de xustiza e na Administración periférica do Estado en Galicia nas súas relacións internas e garantir a atención á cidadanía en galego.

3. O propio PXNLG prevé diferentes medidas concretas para alcanzar estes obxectivos, tales como:

- Programar novos procesos de formación lingüística do persoal ao servizo das administracións públicas que teña como obxectivo mellorar as actitudes, a fluidez expresiva e o coñecemento do vocabulario técnico específico.
- Redeseñar os cursos de actualización técnica do persoal ao servizo das administracións públicas de forma que, excepto casos extremos, esa formación técnica se imparta en lingua galega.
- Establecer acordos coas diferentes administracións públicas, cos seus



organismos de formación e, en xeral, con todas aquelas entidades pertencentes ao sector público.

4. Todas as medidas que se leven a cabo terán como finalidade:

- Conseguir unha mellora nas actitudes do persoal ao servizo das administracións públicas coa lingua galega e a súa capacitación para poder realizar, en galego, con fluidez e corrección oral e escrita, o seu traballo profesional. Conseguir, así mesmo, que practiquen unha oferta positiva que xeneralice o uso do galego na Administración.
- Conseguir que todos os procesos institucionais de formación e actualización do persoal ao servizo da Administración se desenvolvan de tal forma que logren mellorar a competencia técnica en galego e unhas actitudes favorables a esta lingua.

5. Que é unha obrigaón, pero tamén unha vontade expresa, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria potenciar o uso do galego no ámbito das administracións públicas en Galicia nos termos indicados nas normas anteriores.

6. Que o Concello da Coruña ten entre os seus obxectivos potenciar o uso do galego dentro do seu ámbito de competencias.

7. E que ambas as partes se recoñecen as competencias mutuas e, polo anteriormente exposto, acordan subscribir o presente convenio de colaboración para o ano 2017, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS



Primeira. Obxecto

Este convenio establece as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (en diante, a consellería) e o Concello da Coruña para a realización de actividades de formación en linguaxe administrativa galega e/ou linguaxe xurídica galega, nivel medio e/ou nivel superior, na modalidade presencial.

Segunda. Actividades

A consellería, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e o Concello da Coruña comprométense a colaborar para impartir as seguintes actividades para o persoal ao servizo do devandito Concello:

- Dous cursos de linguaxe administrativa de nivel superior.
- Dous cursos de linguaxe administrativa de nivel medio.

Cada curso, en modalidade presencial, terá unha duración máxima de 75 horas, ao termo do cal se realizará unha proba de avaliación para todo aquel alumnado que cumpra cos requisitos deste.

Esta proba será cualificada cun apto ou non apto.

Terceira. Programación e selección dos alumnos

O Concello da Coruña realizará a programación específica de acordo coas necesidades de formación do persoal ao que vai destinado o curso.

Así mesmo, terá que realizar a selección do alumnado do devandito curso consonte os seus propios criterios de selección e segundo a oferta de prazas dispoñibles.

En todo caso, nos cursos de nivel superior non poderán inscribirse os alumnos que



previamente non superasen o curso de nivel medio ou se non dispoñen do título que permita acceder a este, segundo o artigo 5 da Orde do 13 de xuño de 2011 pola que se regulan os cursos de linguaxe administrativa e xurídica galegas.

Os cursos que se programen ao abeiro deste convenio impartiranse conforme ao establecido na orde anteriormente mencionada, que foi publicada no DOG do 24 de xuño de 2011.

O número de participantes en cada curso non poderá ser superior a 30, e será o Concello da Coruña o que determinará o número mínimo de alumnos que, de non alcanzarse, podería implicar a suspensión do curso.

No caso de que haxa prazas vacantes antes do inicio do curso, poderáselles ofrecer ás persoas solicitantes que non obtivesen praza na selección inicial e que figuren en lista de espera.

Cuarta. Financiamento

O financiamento dos cursos correspóndelle integramente ao Concello da Coruña, tanto no que se refire aos gastos do profesorado como a outros gastos necesarios para a súa correcta realización.

No caso do profesorado, ao ser persoal propio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o Concello da Coruña deberá aboarlle á devandita consellería o importe exacto do gasto no que incorra.

Para facelo, unha vez rematado o curso, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, enviaralle ao Concello da Coruña unha certificación da realización do curso, na que constará o importe total pagado ao docente e o valor hora aplicado. O custo por docente/curso estímase en 4.185 €, agás o incremento retributivo derivado da Lei de orzamentos do Estado para o exercicio 2017.

Unha vez recibida a certificación, o Concello da Coruña realizará o pagamento



mediante unha transferencia bancaria á conta que se indique, identificando o pagamento co concepto "convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello da Coruña en materia de lingua galega".

Para garantir o correcto desenvolvemento do curso, o Concello da Coruña fará unha reserva de crédito na súa partida orzamentaria para formación no intre da sinatura do convenio, de 16.740 euros, para cubrir o que na data actual é o custo máximo dos catro cursos previstos.

Quinta. Profesorado

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a proposta da Secretaría Xeral de Política Lingüística, designará o profesorado encargado de impartir o curso de entre as persoas que se atopan en situación de execución provisional e/ou firme de sentenza, e realizará todos os trámites legais necesarios para a súa contratación, que se levará a cabo segundo a modalidade contractual que sexa pertinente.

O profesorado nomeado para este fin non terá ningunha vinculación, nin laboral nin de ningún outro tipo, co Concello da Coruña.

Sexta. Asistencia, contido e avaliación dos cursos

a) Asistencia

A asistencia ás clases é obrigatoria. A ausencia de cada un dos asistentes non poderá ser superior ao 10% (6 horas) das horas lectivas do curso.

Durante a celebración das actividades formativas levarase a cabo un control permanente de asistencias. Poderán realizarse controis de asistencia extraordinarios.

b) Contido



Cada curso presencial terá unha duración de 75 horas, distribuídas da seguinte maneira: 60 horas lectivas, coa obrigada presenza do alumnado na aula, e 15 horas de tratamento individualizado conducentes a que cada alumno/a elabore e presente un traballo, de carácter obrigatorio, programado polo/a profesor/a, e nel impartiranse os contidos sinalados na Orde do 13 de xuño de 2011 (DOG núm. 121, do 24 de xuño).

c) Avaliación

A avaliación que se efectúe neste curso basearase no principio de avaliación progresiva e continua. Terase en conta o dominio da materia, o traballo diario na aula e a realización das actividades e probas programadas.

Para poder superar os cursos de linguaxe administrativa, niveis medio e superior, na modalidade presencial é necesario cumprir unha serie de requisitos obrigatorios:

1.- Adecuada realización das actividades programadas. O alumnado deberá realizar as seguintes actividades obrigatorias que serán avaliadas:

- Un traballo final feito fóra da aula que contará cunha extensión mínima de 5 páxinas nos cursos de linguaxe administrativa de nivel medio e de 8 páxinas nos cursos de linguaxe administrativa superior. Os traballos constarán das seguintes partes: un ou varios documentos orixinais; a corrección ou, se é o caso, tradución mellorada dese/s documento/s; un comentario razoado dos cambios introducidos.
- Cinco tarefas de aula nas cales se traballarán os contidos referidos aos bloques de documentos, oralidade e sociolingüística.

2.- O alumnado deberá superar unha proba presencial que se realizará, como mínimo, unha semana despois da data de finalización e que constará dunha parte oral e outra escrita.



Para a realización destas probas, a Secretaría Xeral de Política Lingüística nomeará a/as persoa/s que se ocuparán da súa execución.

Para adquirir o dereito ao diploma é necesario superar o conxunto das partes, actividades obrigatorias e probas finais, segundo o sistema de avaliación establecido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, e cumprir os demais requisitos sinalados con anterioridade.

Se a realización desta proba implicase gastos que fosen susceptibles de considerarse por razón do servizo, serán por conta do Concello da Coruña e serán tamén ingresados na conta da Xunta de Galicia, e rexeranse polo Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre as indemnizacións por razón de servizo. Outros gastos necesarios para a realización da proba, coma os gastos funxibles ou de estrutura, serán por conta do Concello da Coruña.

Sétima. Comunicación e publicidade

Na convocatoria dos cursos, nos anuncios e publicacións ou en calquera medio audiovisual e de comunicación, farase referencia á colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello da Coruña e deberán figurar, con igual rango e consideración, os logotipos de ambas as institucións.

O Concello da Coruña remitiralle a programación á Consellería para que a inclúa na información sobre cursos de galego que se publica na web <http://www.lingua.gal>.

Oitava. Balance

Ao rematar o curso, o Concello da Coruña remitiralle á Secretaría Xeral de Política Lingüística as enquisas de avaliación do profesorado e o grao de satisfacción do alumnado.

Pola súa banda, o profesorado encargado do curso remitiralle ao gabinete provincial



de normalización lingüística da Coruña a acta final do curso, os partes do control de asistencia coas sinaturas do alumnado e as actividades obrigatorias coas correspondentes actas de avaliación. De ser o caso, tamén entregarán as probas finais xunto cos cadernos de avaliación correspondentes.

Novena. Expedición de certificados

O certificado de aptitude do alumnado que supere os cursos será expedido de forma conxunta pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e o Concello da Coruña

Décima. Normalización lingüística

Todas as accións que se realicen ao abeiro deste convenio faranse conforme á vixente normativa ortográfica e morfolóxica do idioma galego fixada pola Real Academia Galega, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (DOG núm. 84, do 14 de xullo). Así mesmo, respectarase a toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

Décimo primeira. Comisión de seguimento

Constituirase unha Comisión de seguimento das accións previstas neste convenio. Esta comisión estará composta por dúas persoas da Secretaría Xeral de Política Lingüística, designadas polo seu secretario xeral, e por dúas persoas do Concello da Coruña, designadas pola Concellaría de Facenda e Administración Pública.

Esta comisión estará facultada para resolver cantas dúbidas poidan xurdir na execución deste convenio e poderá estar asistida polo persoal técnico necesario. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Décimo segunda. Comisión de avaliación



Constituirase unha Comisión de avaliación para estudar as reclamacións presentadas en relación coa cualificación outorgada no curso. Esta comisión estará formada pola persoa responsable da Subdirección Xeral de Política Lingüística, a persoa encargada da coordinación do curso e un/unha lingüista da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

A comisión emitirá un informe que servirá de base para a resolución de calquera tipo de reclamación.

Décimo terceira. -Natureza xurídica

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas cláusulas, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación do Real decreto legislativo, 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, segundo especifica o seu artigo 4, ao non previsto aplicaráselle os principios recollidos na citada lei, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse.

Así mesmo, supletoriamente, terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Décimo cuarta. Vixencia



**XUNTA
DE GALICIA**



**Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña**

A vixencia deste convenio esténdese desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017, agás que sexa denunciado, por escrito, por algunha das partes por incumprir os compromisos que nel se recollen, cun mes de antelación polo menos.

Ao estaren conformes as dúas partes co estipulado, asinan este convenio por cuadruplicado no lugar e na data sinalados.

O conselleiro de Cultura, Educación
e Ordenación Universitaria

O alcalde do Concello da Coruña